



EUSKADI GALIZA CATALUNYA

COMPOSTELAKO ADIERAZPENA  
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA  
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA

## DECLARACIÓN DE COMPOSTELA

**Declaración** institucional do Departamento de Cultura do Goberno Vasco, do Departamento de Cultura e Medios de Comunicación da Generalitat de Catalunya e do Departamento de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, en materia de política cultural.



EUSKADI GALIZA CATALUNYA

COMPOSTELAKO ADIERAZPENA  
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA  
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA

---

*A señora Miren Azkarate Villar, Conselleira de Cultura do Goberno Vasco, o señor Joan Manuel Tresserras i Gaju, Conselleiro de Cultura e Medios de Comunicación da Generalitat de Catalunya e Dna. Ánxela Bugallo Rodríguez, Conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galiza, declaran a vontade de estreitar lazos de cooperación e colaboración entre os departamentos de cultura dos tres gobernos a través da sinatura dun Convenio que se concretará e empezará a desenvolverse no 2008.*

---

Os gobernos de Euskadi, Catalunya e Galiza experimentaron ata o de agora diferentes niveis e graos de cooperación. Así, a colaboración entre o Goberno Vasco e a Generalitat de Catalunya ten unha longa traxectoria e materializouse en múltiples proxectos e no intercambio de información e experiencias das respectivas políticas culturais. A partir de 2005, o goberno de Galiza incorpórase a esta liña de cooperación e intercambio para o desenvolvemento de políticas e programas culturais.

Os gobernos de Euskadi, Catalunya e Galiza son gobernos fortemente comprometidos coa revitalización e o desenvolvemento das súas culturas propias. Constitúen culturas integrais con capacidade de resposta ás necesidades expresivas das súas cidadanías e que atravesan por dous tipos de situacións. En primeiro lugar, as inherentes á aposta preferente dun Estado, plurinacional de feito pero non de dereito, por unha cultura e lingua de Estado. En segundo lugar, as derivadas dun mundo marcado, dun lado, pola diversidade cultural, tal e como insiste a UNESCO a favor do desenvolvemento de todas as culturas e, doutro lado, pola globalización, cos seus consecuentes riscos e oportunidades para as nosas culturas e linguas nacionais.

É evidente que Galiza, Catalunya e Euskadi representan realidades socioculturais diferentes, pero non é menos certo que da colaboración entre os tres poderes públicos e do contraste entre as políticas culturais respectivas só cabe obter beneficios para os



EUSKADI GALIZA CATALUNYA

COMPOSTELAKO ADIERAZPENA  
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA  
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA

procesos de desenvolvemento cultural de cada país. Os tres países posúen experiencias, información e coñecemento para contrastar e compartir.

Por todo iso, os tres gobernos acordan definir un marco de colaboración estable en materia de política cultural, cunha formulación aberta á participación doutros gobernos que compartan os principios e obxectivos do convenio.

Así mesmo, o acordo procura os seguintes obxectivos:

- ❑ Fixar un marco xeral e unha metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración mutua no ámbito da política cultural.
- ❑ En materia de estruturas e programas dedicados ao patrimonio cultural, as artes, as industrias culturais e a cultura popular, intercambiar experiencias e resultados nas fases de posta en marcha e desenvolvemento de estruturas e programa.
- ❑ Nos ámbitos do patrimonio cultural, as artes, as industrias culturais e a cultura popular, desenvolver programas comúns a partir de plans anuais.
- ❑ Intercambiar información en materia de comunicación e estudo da realidade cultural: estudos e investigacións para o seguimento da evolución sociocultural, en relación á elaboración e o desenvolvemento dos respectivos sistemas de indicadores culturais e de política cultural; a difusión das súas publicacións electrónicas; experiencias en deseño e implantación de planificación cultural; experiencias e metodoloxías relativas ao seguimento e avaliación de programas. En materia de Observatorios da Cultura, intercambiar información sobre as metodoloxías e os procesos de traballo; os criterios para a definición do marco estatístico da cultura; as estratexias de difusión de información e fidelización de fontes; a elaboración de indicadores de situación e seguimento da Política Cultural,



**EUSKADI GALIZA CATALUNYA**

**COMPOSTELAKO ADIERAZPENA  
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA  
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA**

co fin de comparar os resultados das políticas aplicadas e, no seu caso, compartir determinados procesos.

Para a consecución destes obxectivos os tres gobernos asinarán por primeira vez para o ano 2008 un convenio de colaboración. Este convenio recollerá un Plan de actuación anual que concretará as actuacións derivadas desta colaboración. A vontade é que a través deste convenio e as sucesivas renovacións se consolide un marco de traballo conxunto que permita o aproveitamento mutuo da experiencia en política cultural de cada un dos tres países e desenvolva novos ámbitos de colaboración.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2007

**Ánxela Bugallo**

**Miren Azkarate**

**Joan Manuel Tresserras**